



Programa de emprendemento e talento

para mozos e mozas

Xuventude Promete

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado pon en marcha Xuventude Promete, programa que promove e estimula o emprendemento e o autoemprego nos mozos e mozas de 14 a 18 anos. Este xeito de pensar e actuar orientado cara á creación de riqueza terá lugar dentro dun marco de actividades que lle permitirá á persoa participante expandir a súa creatividade e innovación.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado crea, a partir deste proxecto piloto, un programa de estadías emprendedoras (*living lab*) no que a persoa, a través de escenarios reais e cunha innovación aberta e creativa, atopa nese escenario vías de creación, validación e perfeccionamento para axudarlle a aplicar no seu futuro.

Obxecto e finalidade da convocatoria:

O **obxectivo principal** é crear unha actividade multidisciplinar para mozos e mozas que desexen experimentar e crear, baseándose no seu proxecto persoal. Deste xeito, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado apoia o sistema educativo e axúdalle á mocidade participante a descubrir a súa vocación e talento dende a educación non formal activa.

Esta experiencia permitiralle á persoa coñecer novas fórmulas que fornezan a súa iniciativa, sentido crítico e autonomía; amais de fomentar as ideas innovadoras a través da creatividade e lograr un coñecemento e sentido autocrítico que a prepare para a súa función no mundo laboral.

En resumo, a finalidade desta convocatoria é promover e estimular o espírito emprendedor xa dende o inicio da adolescencia, a través de novos métodos educativos de autoestima baseados en “aprender facendo”.

Metodoloxía:

Os contidos propostos implican un troco na metodoloxía en beneficio dun novo método de “**aprender facendo**”, coa finalidade de que a participación no programa sexa unha canle que lles permita ás rapazas e aos rapaces descubrir as súas paixóns, os seus ideais, para que interactúen entre todas e todos e poidan desenvolver traballos de vida.

É moi importante que experimenten, pero que tamén teñan ferramentas para poder levar a cabo os seus proxectos e que o fagan dun xeito metodolóxico novo e activo, creando así no programa un espazo cristalizador de vocacións ou, cando menos, direccións cara a un proxecto.

O programa ten como **principios básicos** a posta en valor da iniciativa, a creatividade, o sentido crítico, a innovación, a autonomía, a capacidade de reacción ante un fracaso, a adaptación ao cambio, a capacidade de comunicación, o traballo en equipo e a solidariedade, así como a sensibilidade ante os problemas dos demais e o esforzo.

Destinatarios/as:

Xuventude Promete vai dirixido a mozas e mozos galegos de entre **14 e 18 anos** de idade. Existen dúas **modalidades de participación**:

- **Individual:** dirixida á persoa comprendida dentro dos extremos das idades deste programa.
- **Centros escolares:** dirixida ao alumnado de educación secundaria obrigatoria (ESO), bacharelato e ciclo de grao medio, que curse os seus estudos nos centros de ensino galegos, co mesmo límite de idades e **ata un máximo de 8 prazas por centro.**



Prazo de inscrición:

O prazo de inscrición comezará o **xoves 15 de xaneiro, ás 10.00 h**, e rematará o **luns 9 de febreiro, ás 14.00 h**.

O formulario está dispoñible na páxina web: www.xuventude.net

Quendas:

O programa desenvolverase en catro quendas de participación, de 3 días de duración cada unha, cun máximo de 16 participantes por quenda.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES
FEBREIRO	16	17	18
	23	24	25

	LUNS	MARTES	MÉRCORES
MARZO	2	3	4
	23	24	25

Entrada: día 1 da actividade a partir das 9:30 h

Saída: día 3 da actividade antes das 14:00 h

Contidos e programación:

CRONOGRAMA

	DÍA 1	DÍA 2	DÍA 3
MAÑÁ	WORKSHOP: “O marabilloso mundo das ideas”	WORKSHOP: “Aprender a emprender”	VISITA “A incubadora”
TARDE	MEETING: “Full Team”	WORKSHOP: “Xogamos con wiffi”	
NOITE	VELADA	VELADA	

Descrición dos workshops:

“O marabilloso mundo das ideas”

As ideas poden saír en calquera momento, por iso tes que estar alerta. Se te desprazas a gran velocidade, a túa mente móvese máis rápida e as túas ideas saen e interrelaciónanse con maior facilidade. Se realizas o teu proceso de relaxación, a túa mente tranquilízase. Pecha os ollos e... benvido ao mundo das ideas.

Este workshop tenta dinamizar o mundo das ideas a través de técnicas e dinámicas moi activas que teñen que ver coa creatividade:

- A palabra
- A música
- A natureza
- O xogo

“Full Team”

O equipo é moi importante na nosa vida: os equipos deportivos, o traballo en equipo, equiparse, equipo de investigación, equipo cirúrxico... Este é un gran **xogo de rol** no que teremos que converternos en grandes investigadores e xogar unha partida pola cidade de Lugo, na que cada un de nós terá unha personaxe asimilada. Atrévete a xogar? Apúntate a un equipo.



“Because I’m from Lugo”

A primeira velada é de exterior. Moitas das veces o emprender comprende ter que viaxar. Hoxe pola noite, nesta velada vas viaxar por Lugo nesta gran xincana. A condición? Só te podes comunicar con todo o que te atopes en inglés... Hai moitas probas e moi divertidas!

“Aprender a emprender”

Se non atopamos un espazo onde ser felices, por que non o creamos? Con este workshop os mozos e mozas recibirán unha morea de ferramentas para comezar un proxecto, para transformar unha idea nun proxecto a través de dinámicas moi activas. Tamén analizaremos as novas linguaxes que teñen que ver co emprendemento (*start up, living lab, pitch...*). Amais, a través de dinámicas relacionadas coas artes escénicas perderemos medos para falar en público.

“Xogamos con wiffi”

Analizaremos todas as ferramentas que precisaremos a través das novas tecnoloxías, traballaremos no mundo do audiovisual, na creación de webs, na conformación de videocurrículos, nas presentacións máis innovadoras... Un gran mundo por descubrir!

“Party”

Imos facer un *lipdub* nocturno no centro de Lugo, se o damos convertido nun *flashmob* sería ideal! Imos tentalo!

“A incubadora”

Esta é a mañá das visitas. Recibiremos no Complexo visitas de emprendedores ou iremos visitalos ao seu viveiro para que nos amosen o que están a facer e nos expliquen porqué emprenderon nun momento dado da súa vida: experiencias de vida e de traballo no emprendemento.

Cota de participación:

Sen Carné Xove: **50 €**

Con Carné Xove: **25 € (-50%)**

Na modalidade aberta a centros educativos inclúese, de balde, a praza de docente acompañante.



Servizos incluídos:

- Aloxamento en réxime de pensión completa no Complexo Residencial de Lugo Lug2 (habitación dobre con baño).
- Programa de actividades, equipo técnico e material necesario para o desenvolvemento correcto da actividade.
- Unha praza de docente cada 8 participantes (modalidade aberta aos centros).
- Seguro de accidentes e responsabilidade civil.



Non se inclúe:

O desprazamento de ida dende o centro escolar ata o albergue nin o de volta dende o albergue ata o centro escolar.

Devolución da cota de participación:

Só se procederá á devolución da cota de participación cando, por causas non imputables ás persoas interesadas, o servizo non se preste ou a Administración cancele a actividade.

Equipamento dos e das participantes:

- Roupa cómoda
- Toallas (non é preciso levar saco de durmir)
- Bolsa de aseo persoal
- Un disfrace calquera
- Tarxeta sanitaria orixinal

Inscricións e reservas:

A inscrición realizarase unicamente na **modalidade en liña**, desde a páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: www.xuventude.net

Na modalidade de **convocatoria aberta a centros**, a inscrición deberá realizala o centro de ensino correspondente. Neste caso, non se admitirán inscricións individuais daquelas mozas e mozos xa incluídos na solicitude realizada polo centro de ensino.

Adxudicación das prazas:

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de recepción das solicitudes.

No prazo de 7 días dende o envío da solicitude, enviaráselle ao enderezo electrónico que figure no formulario de inscrición unha mensaxe na que se confirmará, de ser o caso, a adxudicación da praza. De non recibir a comunicación de admisión no prazo de 7 días, entenderase que **non se obtivo a praza**.

Unha vez comunicada a adxudicación de prazas por correo electrónico, a persoa solicitante ou o centro educativo (na modalidade aberta a centros), **disporá dun prazo máximo de 5 días para enviar a documentación correspondente**, que se lle indique na comunicación de adxudicación, á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. No caso contrario, poderá ser excluída do programa.

Propiedade intelectual:

A participación neste programa implicará por parte das persoas solicitantes finalmente seleccionadas, a cesión non privativa do material ás entidades organizadoras para o seu uso divulgativo sen ánimo de lucro.



Condicións de participación:

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das súas bases e das resolucións que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado adopte para o seu desenvolvemento, así como as normas e recomendacións que se sinalen para o desenvolvemento do programa:

- Débense respectar os horarios establecidos polas persoas responsables do programa e deberá manterse un comportamento acorde coas normas de convivencia e un trato correcto cos demais participantes e co persoal da organización.
- Durante a estadía nos aloxamentos, respectaranse as normas de organización interna do centro.
- As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo. Poderá tamén cancelarse, no caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes.
- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá cancelar o programa, no caso de que non exista un número mínimo de participantes.
- Se calquera das persoas participantes incumpre as normas xerais ou altera o desenvolvemento normal da actividade, poderá ser expulsada do programa. Neste caso, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado non se fará responsable da viaxe de volta da devandita persoa, nin reembolsará ningunha cantidade económica.
- Será necesario levar a tarxeta sanitaria orixinal durante a estadía.

Protección de datos:

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados polas persoas participantes para esta convocatoria serán incluídas nun ficheiro coa finalidade de xestión da actividade. O responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio administrativo de San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou por correo electrónico ao enderezo: sx.traballo.benestar@xunta.es.